



*Árbore
Monumental*

*Este exemplar foi traído
de Arxentina por un
sacerdote galego fai case
tres cuartos de século.*



ÁRBORE DO CORAL

Erythrina crista-galli

SABÍAS QUE...? A árbore do coral, tamén chamada ceibo é a árbore nacional de

É unha árbore da subfamilia Faboideae orixinaria de Sudamérica. Atópase no nordés e centro-este de Arxentina, o leste de Bolivia, o sur de Brasil, gran parte de Paraguai, e case todo Uruguai.

Nome común: Árbol del coral, Pico de gallo (cast.); Árbore do coral (gal.); Coral tree (ing.).

Etimoloxía:

- Erythrina: vén do grego, e significa vermello
- crista-galli: epíteto latino que significa, "crista de galo"

Descrición da especie: É unha árbore de porte mediano de entre 5 a 10 m, chegando raramente ata os 20 m. O talo é leñoso, tortuoso, irregular, de ramas con espiñas que morren tras a floración. As flores, dispostas en inflorescencia arracimadas, son pentámeras, completas e de simetría bilateral. A súa cor é vermella. Florecen de xuño ata setembro. No periantio, sépalos e pétalos son de cor semellante, pero de forma distinta. O seu bordo caracterízase pola cor marrón que lle dá aspecto de murcho. Os pétalos chamados ás, son moi pequenos e están practicamente escondidos dentro do cáliz, e os outros dous pétalos se soldan ás veces parcialmente e forman a quilla ou carena, servindo de protección aos órganos de reprodución. O froito é unha legume monocárpica, seca, de ata 20 cm de lonxitude, de cor pardo escuro, con sementes, de forma cilíndrica, dispostas con espazo no interior da vaina.

